

## COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2018

### Acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

- 1º. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 24 de xaneiro de 2018.
- 2º. Aprobar as propostas de gasto máis urxentes ante o cambio no sistema de contratación pública.
- 3º. Non validar a declaración de interese para a modificación da memoria de verificación do Grao en Dereito.
- 4º. Validar as propostas de modificacións na memoria da titulación de Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo que poden acometerse a través do seguimento do título do curso 2016/2017.
- 5º. Validar a rúbrica correspondente ao Traballo de Fin de Grao.
- 6º. Respecto ao Informe de Revisión do Sistema pola Dirección:
  - a) Validar o Informe de Revisión do Sistema pola Dirección coas modificacións acordadas nas propostas de mellora para o curso 2017/2018.
  - b) Delegar no Sr. Vicedecano de Planificación e Calidade a competencia para realizar as modificacións puntuais que procedan no devandito Informe.
- 7º. Manter as metas correspondentes aos obxectivos de calidade do centro para o curso académico 2017/2018.

Ourense, 27 de febreiro de 2018



Concepción Martínez Martínez  
Secretaria da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 27 de febreiro de 2018, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 28 de febreiro de 2018.

Concepción Martínez Martínez  
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.